



INFORME DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE REGULA O PROCEDEMENTO PARA A OBTENCIÓN E RENOVACIÓN DO SELO DE MERCADO EXCELENTE NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, CÓDIGO DE PROCEDEMENTO IN223B

Esta Secretaría Xeral Técnica, en cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, emite o seguinte

INFORME

1. Obxecto e estrutura

O obxecto deste proxecto de orde é regular o procedemento para a obtención e renovación do selo de Mercado Excelente na Comunidade Autónoma de Galicia, código de procedemento IN223B, a fin de fixar unha estratexia que permita acadar a excelencia como símbolo de calidade e modernidade dos nosos mercados e prazas de abastos.

O selo de Mercado Excelente distinguirá aos mercados e prazas de abastos galegos que acaden os estándares que se establecen como mínimos e indispensables na ferramenta de avaliación referidos a:

- a) O estado do edificio e das instalacións e a súa sostibilidade.
- b) Os servizos do mercado postos a disposición da clientela e das persoas vendedoras.
- c) A xestión integral do mercado, con independencia de si é pública ou privada, referida a todos os aspectos que garanten o correcto funcionamento do mercado e da súa actividade comercial.
- d) A calidade da oferta e outros valores engadidos.

A referida regulación abórdase ao longo de 16 artigos, unha disposición adicional, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras. O anteproxecto de orde consta de tres anexos.

2. Marco normativo e competencial

Conforme ao artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, corresponde á nosa Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de comercio interior, sen prexuízo da política xeral de prezos e a lexislación sobre a defensa da competencia, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149.1.11 e 13 da Constitución española.





Pola súa parte, de acordo co establecido no artigo 60 do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, correspóndelle á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da Consellería en materia de comercio interior. Dentro destas cabe sinalar, especificamente, a promoción, o fomento, a modernización e a mellora das estruturas comerciais.

A Xunta de Galicia impulsou o Plan de Mercados Excelentes 2016-2020 como unha folla de ruta a seguir polos nosos mercados e prazas de abastos de cara a conseguir a excelencia. Este plan conta cunha Guía de boas practicas dirixida a ofrecer unha definición dos requisitos, servizos e metodoloxías que debe seguir un mercado para elevar os seus niveis de modernidade e calidade e acadar así a excelencia.

Seguindo estes criterios ditouse no seu momento a Orde do 4 de xaneiro do 2017, pola que se regula o procedemento para a obtención do selo de Mercado Excelente da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento IN223B). Este selo do Mercado Excelente ten por obxecto identificar aos mercados e prazas de abastos de Galicia que obteñan a condición de excelente polo cumprimento dos requisitos, servizos e modelos de xestión nun nivel óptimo de calidade e modernidade que permita acadar a excelencia.

Co obxectivo de recuperar a posición histórica dos mercados e prazas de abastos como motores económicos e de dinamización das nosas vilas e cidades, o Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030 establece un conxunto de accións dirixidas a impulsar unha Rede de Mercados Excelentes baseada na calidade e proximidade dos seus produtos e servizos, como vantaxe competitiva.

Con este fin, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo realizou un estudo diagnóstico para establecer as condicións e requirimentos básicos para a transformación das prazas de abastos e mercados de Galicia en Mercados Excelentes, así como para obter unha perspectiva integral da súa situación e estado.

A necesidade de levar a cabo esa transformación esixe a aprobación dunha nova orde que integre e dea resposta ás necesidades xurdidas dende a implantación da Orde do 4 de xaneiro do 2017.

3. Tramitación

A tramitación deste proxecto de orde realizouse de conformidade co establecido no capítulo II do título II da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Na **fase inicial** (artigo 41 da Lei 16/2010, do 17 de decembro) realizáronse os seguintes trámites:

- Acordo de inicio do conselleiro do 30 de xuño de 2025.





- Publicación na fase "consultas abertas" da sección "consulta pública previa" do Portal de Transparencia e Goberno Aberto, durante o período comprendido entre o 1 de xullo do 2025 e o 15 de xullo do 2025, de conformidade co previsto na normativa de transparencia. O 17 de xullo do 2025 emitiuse certificación pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia na que consta que non se recibiron achegas/ opinións a través do formulario dispoñible no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.
- Xustificación da non necesidade de constituír unha comisión de redacción normativa da Dirección Xeral de Comercio e Consumo do 30 de xullo do 2025.
- Elaboración do anteproxecto de orde pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo ao que se acompaña unha memoria xustificativa do 29 de xullo do 2025, unha memoria económica do 29 de xullo do 2025 e unha táboa de vixencias do 29 de xullo do 2025.
- Informe do Servizo Técnico Xurídico II do 4 de agosto do 2025.
- Resolución do conselleiro do 5 de agosto do 2025 polo que se aproba inicialmente como proxecto de orde.

Na **fase intermedia** (art. 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro) cumprimentáronse os seguintes trámites:

- Análise de impacto de xénero do 5 de agosto do 2025 da Dirección Xeral de Comercio e Consumo.
- Informe da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico do 18 de novembro do 2025.
- Informe de impacto de xénero da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade do 20 de agosto do 2025.
- Informe funcional e tecnolóxico conxunto da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia do 8 de outubro do 2025.
- Trámite de audiencia do 6 de agosto do 2025 á Federación Galega de Municipios e Provincias, á Federación Galega de Comercio, e á Federación de Profesionais de Prazas de Abastos de Galicia.

Neste trámite presentou alegacións a Federación Galega de Municipios e Provincias.

- Exposición pública na fase "En prazo de envío de suxestións" do Portal de Transparencia e Goberno Aberto, durante o período comprendido entre o 7 de agosto do 2025 e o 28 de agosto do 2025, de conformidade co previsto na normativa de transparencia. O 2 de setembro do 2025 emitiuse certificación pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia na que consta que non se recibiron suxestións a través do formulario dispoñible no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.
- Informe resposta ás alegacións presentadas no período de audiencia e información pública da Dirección Xeral de Comercio e Consumo do 15 de outubro do 2025.





- Informe ás consideracións do informe de impacto de xénero da Dirección Xeral de Comercio e Consumo do 15 de outubro do 2025.
- Informe ás consideracións efectuadas no informe funcional e tecnolóxico conxunto da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia da Dirección Xeral de Comercio e Consumo do 15 de outubro do 2025.

Na **fase final** (artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro) avanzouse no seguinte trámite:

- Informe da Asesoría Xurídica emitido o 6 de decembro do 2025.

4. Consideracións legais

De acordo co indicado, tendo en conta que a competencia da Administración Autonómica e dos concretos órganos intervinientes, a adecuación á normativa vixente e o acerto e oportunidade da norma quedan xustificados, que na tramitación da norma cumpríronse os requisitos esixidos pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, e que as observacións realizadas nos diferentes informes referenciados anteriormente, así como as alegacións recibidas nos trámites de audiencia e de información pública foron asumidas e incluídas ou non, xustificadamente, no texto, segundo se detalla nas respostas que a tales efectos elaborou a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, considérase que este proxecto de orde reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade.

De conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, este informe cerra cronoloxicamente os correspondentes a tramitación deste proxecto de orde ao non ser preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia.

En consecuencia,

ACORDO

Informar favorablemente este proxecto de orde e sometelo á aprobación da persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral técnico

Joaquín Macho Canales

